

Adaptación DA PROGRAMACIÓN Didáctica. CURSO 2019/2020

CENTRO: I.E.S. FELIX MURIEL
CURSO: 2º BACHARELATO
MATERIA: PORTUGUÉS
DEPARTAMENTO: GALEGO
DATA: 12/05/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
<p>BLOQUE 1: ESCOITAR, FALAR E CONVERSAR</p> <p>CCL CAA CD CSC</p>	<ul style="list-style-type: none">• escoita e comprensión de mensaxes orais breves e mais longos.• Obtención de información específica en textos orais sobre asuntos cotiáns e predicíbeis.• Uso de estratexias básicas de comprensión de mensaxes orais.
<p>BLOQUE 2: LER E ESCRIBIR</p> <p>CCL CAA CSIEE CD</p>	<ul style="list-style-type: none">• Comprensión de instrucións básicas e mais específicas para a correcta resolución de actividades.• Comprensión xeral e identificación de informacións específicas en diferentes textos sinxelos e mais específicos, auténticos e adaptados, en soporte papel e dixital, sobre diversos temas do currículo.• Iniciativa para ler con autonomía textos adecuados á idade, intereses e nivel de competencia.• Uso de estratexias habituais de comprensión lectora.• Composición de textos curtos e medios- sobre 20 alíneas- con elementos básicos e medios de cohesión, con estratexias elementais no proceso de composición escrita

	<p>(planificación, elaboración e revisión).</p> <ul style="list-style-type: none"> • Uso de regras fundamentais de ortografía e puntuación, e recoñecemento da súa importancia nas comunicacións escritas. • Interese por coidar a presentación de textos escritos.
<p>BLOQUE III: COÑECEMENTO DA LINGUA</p> <p>CCL CAA CSIEE CD</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Identificación de elementos morfolóxicos fundamentais e habituais no uso da lingua. • Uso de estruturas e funcións básicas , medias e máis profundas relacionadas coas situacións cotiás e habituais máis predicíbeis. • Reflexión guiada sobre o uso e o significado de formas gramaticais adecuadas a distintas intencións comunicativas.. • Iniciación en estratexias de auto-avaliación e auto-corrección de producións orais e escritas. Aceptación do erro como parte do proceso de aprendizaxe e actitude positiva para superalo.
<p>BLOQUE IV: ASPECTOS SOCIOCULTURAI</p> <p>CCL CSC CAA CD</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Recoñecemento e valoración da lingua estranxeira como instrumento de comunicación na aula, e con persoas doutras culturas , nomeadamente da Lusofonía.

	<ul style="list-style-type: none">• Uso de fórmulas de cortesía adecuadas nos intercambios sociais.• Coñecemento dalgúns trazos históricos e xeográficos dos países onde se fala a lingua estranxeira, obtendo a información por diferentes medios, entre eles Internet e outras tecnoloxías da información e comunicación, facendo fincapé en Youtube e en páxinas web para aprender portugués de Portugal (e do Brasil)• Interese e iniciativa na realización de intercambios comunicativos con falantes ou aprendices da lingua estranxeira, utilizando soporte papel ou medios dixitais.• Valoración do enriquecemento persoal que supón a relación con persoas pertencentes a outras culturas, en especialmente a do mundo lusófono africano, americano e europeu.
--	---

Pode facerse tamén seguindo o modelo que se teña na programación didáctica respectiva

2. Avaliación e cualificación

Avaliación	Procedementos: Taballo de produción escrita. Observación do traballo, corrección de erros e volta à redacción do traballo, corrixindo os erros que tiveron os propios alumnos para que vexan os erros dados e evitando voltar a caer neles.
	Instrumentos: Observación das tarefas enviadas polo alumnado. Produción textual escrita. Todos oa alumnos farán unha tarefa quincenal, que consistirá en ler textos de diversos tipos (literarios, xornalísticos). Falar con outras persoas para entrevistalas , gravalas ou investigar dalgún asunto, nomeadamente da Lusofonía e as relacións con a Galiza e o galego, aproveitando que as LETRAS GALEGAS son dedicadas a D. Ricardo CARVALHO CALERO, precursor dos Estudos da Unidade Diacrónica entre portugués e galego.
Cualificación final	Obter a NOTA media das tres Avaliacións, tendo sempre en consideración que a Nota da 3ª non poderá “AMINORAR” a da Segunda Avaliación. Ter en conta as tarefas feitas e enviadas no último trimestre- tanto ao docente titular como á profesora auxiliar do Instituto Camões- que servirán de axuda para que todo o alumnado que fixo as tarefas aumente a NOTA FINAL de XUÑO.
Proba extraordinaria de setembro	
Avaliación de materia pendentas	Criterios de avaliación:
	Criterios de cualificación:
	Procedementos e instrumentos de avaliación:

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	Colocación de tarefas na Aula Virtual tanto polo docente como a profesora auxiliar de portugués. Outras tarefas tamén foron colocadas mediante o correo electrónico directamente ao alumnado.
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade):	<p>Todos os alumnos tiveron conectividade.</p> <p>Despois de colocar as tarefas déixase un prazo prudente para seren enviadas a través do correo electrónico e son corrixis polo profesor (ou pola profesora auxiliar) .</p> <p>Cada alumno recibe a resposta e corrección a medida que van enviando as tarefas. Identifícanse e corriñense os erros dados e reenvían os exercicios corrixis , o cal serve como método de autocorrección (e autoavaliación).</p> <p>Cada alumno e alumna recibe unha resposta individualizada a cada unha das tarefas enviadas onde se corriñen os erros e se esclarecen as dúbidas que puidesen ter os alumnos, nomeadamente no que respecta aos “ falsos amigos” e aos “ galeguismos” no Portugués.</p>
Materiais e recursos	<p>Indicacións dalgunhas páxinas educativas para aprender portugués de Portugal e observar tamén as outras variantes do mundo da Lusofonía.</p> <p>Consulta de jornais en rede: ElPaís, ed.brasileira; Jornal de Notícias.pt;</p>

	<p>Público.pt. PRIBERAM, dicionário en rede (Brasil) LETRAS.MUS.BR, site onde se pode ouvir (e ler a letra) de todas as musicas en lingua portuguesa (e noutras linguas) Selección de diferentes textos para identificar (e corrixir) algúns “ galeguismos” cometidos polos galegos que están a aprender portugués.</p>
--	---

4. Información e publicidade

Información ao alumnado e ás familias	Utilización do correo electrónico . Nalgún caso especial chamada á casa da familia para interesarse polo alumno/a. Comunicación e información mediante a tutoría noutros casos.
Publicidade	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.